

ACTA DE CONCESIÓN DA XX EDICIÓN DA HOMENAXE "O ESCRITOR NA SÚA TERRA"

O sábado 8 de febreiro de 2014 reúnese ás 11.00 horas, no Museo do Pobo Galego, a Asemblea Ordinaria Anual de Socios e Socias da AELG para acordar, entre outros puntos da orde do día, o nome da escritora ou escritor que sería homenaxeado este ano 2014 na súa terra, no marco dunha iniciativa anual e vertebradora que, ao longo dos últimos dezanove anos, se ten instituído na traxectoria da AELG como unha alternativa complementaria á celebración do Día das Letras Galegas, isto é, unha actividade vivida en comunidade, que persegue o recoñecemento e a posta en valor dunha figura clave do noso sistema literario contemporáneo nunha xornada en que o contacto directo, humano e profesional se convirta no gran protagonista.

Para esta edición de marcada simboloxía popular, o Presidente da AELG, D. Cesáreo Sánchez Iglesias, presenta perante os asistentes á asemblea como única candidatura o nome do escritor Xabier P. DoCampo, autor de extensa obra literaria individual e de xenerosa participación colectiva, en que convive a novela, o relato e o ensaio orientado á reflexión divulgativa ao redor de experiencias didácticas vinculadas á renovación pedagóxica.

A Asemblea de Socios e Socias da AELG aprobou nesta xornada, por unanimidade, concederlle esta XX Edición Homenaxe "O escritor na súa terra" a Xabier P. DoCampo, autor referente dunha obra narrativa de ficción que supera a trintena de títulos publicados, fortemente imbricada na tradición contística galega, inauguradora da literatura infanto-xuvenil contemporánea que abriu as portas, desde a casa e a escola, á formación do público lector máis novo, alicerce e semente do imprescindíbel substrato cultural de hoxe, e recoñecida cos máis importantes premios a nivel nacional e internacional. O seu traballo implicado no ámbito da dirección, guionización ou escrita de obras para teatro, radio, vídeo, cine ten transportado a lingua creativa de noso a toda a rede de espazos comunicativos para alén da escrita convencional.

Asemade, esta asemblea acordou nomealo Socio de Honra da AELG en convivio de irmandade con aquelas outras figuras senlleiras e insignes da historiografía literaria galega que a precederon nas edicións anteriores: Avilés de Taramancos, Bernardino Graña, Manuel María, M^a Xosé Queizán, Xosé Neira Vilas, Uxío Novoneyra, Luz Pozo Garza, Xosé Chao Rego, Xosé Fernández Ferreiro, Salvador García-Bodaño, Pura Vázquez e Dora Vázquez, M^a do Carme Kruckenberg, Manuel Lourenzo, Xosé Vázquez Pintor, Agustín Fernández Paz, Marilar Aleixandre, Paco Martín, Xavier Rodríguez Baixeras e Marica Campo.

Como Secretaria Xeral da AELG dou fe co visto e prace do Presidente.

Mercedes Queixas Zas
Castro de Ribeiras de Lea, 21 de xuño de 2014